

POESÍA ACTUAL E POLÍTICA: CONFLITO SOCIAL E DIALOXISMOS POÉTICOS (POEPOLIT II)

IR | **Burghard Baltrusch**

DESCRINCIÓN DO PROXECTO DE INVESTIGACIÓN

Como continuación directa de tres proxectos de investigación antecedentes, o proxecto **Poesía Actual e Política: Conflito Social e Dialoxismos Poéticos** (POEPOLIT II, PID2019-105709RB-I00) pretende continuar a xerar coñecemento sobre as relacións entre o poético e o político e o seu impacto nas sociedades occidentais actuais. Desde 2010, os traballos dun grupo internacional de especialistas estable ampliaron a análise teórico-práctica do poético e da súa interrelación co político, comprobando que os resultados das análises de fenómenos poéticos na actualidade poden ser extrapolados para os estudos socio-culturais e económico-políticos en xeral.

POEPOLIT II amplía agora esta perspectiva de forma substancial a partir de catro **hipóteses de partida**:

- I. A poesía contemporánea, na súa orientación cara ao político ou o público, cuestiona e tende a excluír textos dirixidos por voces, suxeitos, (cosmo)visións ou ideoloxías de carácter único e uniforme.
- II. Fóronse abrindo cada vez máis espazos dialóxicos, con diferentes posicións, percepcións e linguaxes.
- III. Os espazos de imaxinación poético-política actuais vincúlanse de maneira frecuente con movementos sociais.
- IV. A maioría das protestas sociais na actualidade poden ser analizadas tamén como accións poéticas que expresan a vontade de que a imaxinación produza cambios estruturais na realidade.

En consecuencia, formulamos catro **preguntas de investigación**:

1. Existen correlacións entre a atención progresiva que a poesía contemporánea dirixe ás diversas formas de conflito social e a tendencia cara aos usos enunciativos dialóxicos?
2. En que medida un discurso poético de oposición ao capitalismo globalizado e ás políticas públicas é posible?
3. Existe unha reactivación poética do corpo social, e que obras ou expresións poéticas dialogan na actualidade con movementos ou accións políticas nos ámbitos culturais e lingüísticos observados?
4. De que formas o realizan e con que consecuencias?

Os estudos e actividades interdisciplinarios previstos abarcarán diferentes conflitos globais da actualidade: a orde económica neoliberal; a razón e a orde de Estado; o control da información e do corpo; o heteropatriarcado; a condición colonial ou neocolonial; os fluxos migratorios; a diferenza cultural e lingüística; a ética animal e as relacións abusivas con outras especies; a explotación de recursos; as identidades e relacións sociais/comunitarias ou interpersoais; os afectos e as lóxicas afectivas; o ámbito educativo en xeral e os dereitos da infancia.

A investigación centrarase en catro **obxectivos xerais**:

- a) Completar un repertorio existente (a base de datos tetralingüe *Poetry in the Public Space*) con análises críticas de conflitos sociais presentes de forma recorrente e significativa na produción poética contemporánea internacional (incluíndo prácticas poéticas interartísticas, intermediais e interdiscursivas).
- b) O estudo de referentes temáticos na poesía actual por contraste cos usos e desenvolvementos noutros xéneros textuais, nas ciencias sociais ou historiográficas, ou nos xéneros xornalísticos.
- c) A observación da dialéctica entre discursos monolóxicos e dialóxicos na produción poética; a clasificación e a análise crítica da poesía dialóxica referida a conflitos sociais.
- d) A análise da recepción da produción estudada por diversos axentes sociais e culturais.

Os estudos de caso centraranse nas producións poéticas actuais galega, lusófona, hispano-americana e na poesía dirixida á infancia, incluíndo tamén elementos de comparación coas poéticas actuais española, francesa, inglesa e alemá.

Por extensión, o proxecto pretende describir de forma crítica como o conxunto dos resultados, obtidos en catro proxectos consecutivos, propicia e intervéen nunha máis profunda comprensión da nosa contorna sociocultural e política.

<https://poepolit.webs.uvigo.gal>